

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP



CATÁLOGO 2022

ACTIVIDADES E
SERVIZOS

WWW.ESPAZO.COOP

Presentación

Na creación, consolidación e apoio do cooperativismo as entidades representativas xogamos un papel esencial. A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** desenvolve e colabora en estratexias e programas que reforcen o cooperativismo, e especialmente ás súas cooperativas asociadas.

Actuamos como axente de intermediación entre as administracións públicas, o tecido socioeconómico e as persoas interesadas, co obxectivo de mellorar a visibilidade e o impacto que ten o cooperativismo na sociedade, coa meta tamén de **apoiar e acompañar ás cooperativas socias** na súa **consolidación e evolución**, prestar soporte na **creación de novas cooperativas**, e mesmo **promover e difundir o cooperativismo entre a sociedade**.

Con eses fins presentamos o **Catálogo 2022** que contempla distintas actividades e servizos para este ano.

Se tes interese en participar nas propostas que ofrecemos, ou necesitas máis información, non dubides en contactar con nós:

A Coruña | Travesía de San José 10, Ent. A – 15002 | 881 887 456

Santiago de Compostela | Hórreo 104, baixo, esquerda – 15701 | 981 57 55 78

Vigo | Taboada Leal 15, entreplanta – 36203 | 986 866 149

info@espazo.coop – www.espazo.coop



Programa especializado de formación xerencial

Consolidación cooperativa

Formación xerencial | Programa en modalidade teleformación para equipos de consellos reitores, cadros xerenciais e directivas/os de cooperativas, con temáticas de xestión empresarial, liderado, ou innovación entre outras. Impartido por persoal docente experto.

Módulos - Lugares - Datás

- ◆ ODS: da estratexia ao impacto | En liña | Do 7 ao 21 de Febreiro 2022
- ◆ Transformación dixital. Unha proposta práctica



para acceder a fondos de financiamento. | En liña | Do 23 de Marzo ao 7 de Abril de 2022

- ◆ Comunicación dixital integral para a economía social | En liña | Do 2 ao 25 de Maio de 2022.
- ◆ Ecosistemas. Intercooperación como estratexia de fortalecemento, crecemento e consolidación | En liña | Do 23 de Maio ao 30 de Xuño 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoal de entidades e organizacións de economía social.

Duración

Entre 15 e 20 horas cada módulo.
Programa completo 68 horas.

[Rede de Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Sáímos Cooperando

Consolidación cooperativa

#SáímosCooperando 3ª edición | Un programa de mentoring de apoio a empresas cooperativas para minorar os efectos da crise económica.

A través deste **servizo de mentoring para consolidar cooperativas**, actívanse procesos de acompañamento que impulsen melloras na organización beneficiaria. Consta de dúas liñas de actuación: **Asesoramento - Acompañamento** e **Encontros** de tipo sectorial ou temáticos.

Lugares e datas

Acompañamento | En liña - Presencial | Ata 40 h. | Ata Setembro 2022

5 Encontros | En liña | De Abril a Setembro 2022

- ◆ Encontro | Presentación do Programa Sáímos Cooperando | En liña | 6 de Abril 2022
- ◆ Encontro | Financiamento ético e solidario | En liña | 5 de Maio 2022

- ◆ Encontro | Planeamento estratéxico e operativo para a consolidación | En liña | 9 de Xuño 2022
- ◆ Encontro | Ferramentas telemáticas para a mellora do planeamento | En liña | 8 de Xullo 2022
- ◆ Encontro | Boas prácticas do proceso de titoría e avaliación | En liña | 16 de Setembro 2022



Destinatarias

Cooperativas, en especial socias da Unión de Cooperativas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Programa 'Creando Mellora' | Apoio á función xerencial en cooperativas

Consolidación cooperativa

Creando Mellora | Programa de bolsas para dar apoio á función xerencial en cooperativas. Ofrece 4 bolsas de 5 meses de duración para dar soporte xerencial e apoiar procesos de mellora nas cooperativas beneficiarias. A través da incorporación na empresa dunha persoa con formación empresarial realizaranse labores de análise e mellora na cooperativa. As bolsas contan cun programa de formación teórica-práctica para as bolseiras, que ademais estarán apoiadas e titoradas pola Unión.



Lugares e datas

- ◆ Nas localidades onde se sitúen as cooperativas beneficiarias.
- ◆ Estadía nas cooperativas: de Maio a Setembro de 2022.

Destinatarias

- ◆ Cooperativas.
- ◆ Persoas desempregadas con titulación na área empresarial.

Duración

6 meses | 25 horas semanais.


[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Itinerarios de Intercooperación

Consolidación cooperativa

Itinerarios de Intercooperación | Fomento da intercooperación, tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da Economía Social e Solidaria (ESS). Itinerario de actuación:

- 1 | **Encontros** de coñecemento mutuo de cooperativas e outras empresas e entidades de ESS, e de xeración de proxectos e procesos de intercooperación.
- 2 | **Acompañamento de proxectos** de intercooperación.
- 3 | Elaboración de **materiais divulgativos de intercooperación**, videos de boas prácticas e unha guía.



Lugares e datas

- ◆ Encontro Cultura | En liña | Maio 2022
- ◆ Encontro Ensino | En liña | 7 de Maio 2022
- ◆ Encontro Asesorías-Consultorías | En liña | 12 de Maio 2022
- ◆ Encontro Consumo | En liña | 25 de Maio 2022
- ◆ Encontro Tic | En liña | 16 de Xuño 2022
- ◆ Encontros de Proxectos de Intercooperación | 15 de Xullo e 22 de Xullo de 2022.

Acompañamento de proxectos de intercooperación, en liña ou presencial, de Abril a Setembro de 2022.

Duración

Encontros de dúas horas de duración. Procesos de titorización de proxectos, mínimo de 10 h.

Destinatarias

Socias, socios, e persoal de cooperativas.

[Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Aceleradora Impulso Cooperativo

Consolidación cooperativa

Aceleradora, Impulso Cooperativo | Programa de aceleración destinado a **cooperativas de recente creación**, especialmente as que teñen xurdido nos últimos 18 meses, para acelerar e impulsar a súa actividade apoiando a supervivencia a futuro e o mantemento de emprego.

Acompañar ás persoas socias, órganos directivos e consellos reitores para que podan asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión neste entorno de incerteza, facilitando acompañamento e formación adaptada



nas áreas social e organizativa, previsións económicas, financiamento e procesos comerciais.

A Aceleradora #ImpulsoCoop traballará con 3 actividades complementarias: 1) **Labores de titoría e acompañamento** en función das necesidades específicas e individuais das cooperativas e de acordo coas súas prioridades, 2)

Encontros sectoriais ou temáticos que permitan impulsar proxectos de colaboración e intercooperación, 3) **Programa formativo adaptado** para mellora da xestión e consolidación dos proxectos.

Lugares e datas

A través de medios telemáticos e/ou presenciais (se a situación sanitaria o permite). A Aceleradora exténdese ata Setembro 2022.

Destinatarias

Cooperativas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises – FSE – Cepes]

Acompaña

Creación de cooperativas

Consolidación Cooperativa

Acompaña | servizos de acompañamento e asesoramento para a creación de novas cooperativas, e servizos de apoio a cooperativas en funcionamento no ámbito da Coruña.



Lugares e datas

- ◆ Servizos de Asesoramento a pre-cooperativas e cooperativas | En liña e Presencial | De Xaneiro a Decembro 2022

Destinatarias

- ◆ Persoas e grupos de emprendemento cooperativo do ámbito da Coruña
- ◆ Socias e traballadoras de cooperativas do ámbito da Coruña

[Ámbito do concello da Coruña]

+Coop -asesoramento na creación de cooperativas-

Creación de cooperativas

+Coop | Programa que asesora e acompaña a grupos promotores de cooperativas. Impulsa a posta en marcha de **novos proxectos** de conformidade cun itinerario personalizado.

Trátase de definir a idea de negocio, axudando no proceso reflexivo que permita a grupos promotores e entidades, analizar tanto a viabilidade técnica coma económica e organizativa do seu proxecto empresarial.



Cada proceso de asesoramento dura un máximo de 40 horas.

Lugares e datas

Ámbito de Galicia, a través de medios telemáticos e/ou presenciais. Os procesos de acompañamento e asesoramento daranse ao longo de 2022.

Destinatarias

- ◆ Persoas de grupos promotores de cooperativas.
- ◆ Persoas traballadoras de empresas en crise, transformación de empresas, etc.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Curso: Ideas cooperativas en acción

Formación

Ideas cooperativas en acción | Que analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable. Elaboración práctica do plan de empresa, e presentación dos requisitos necesarios para grupos pre-cooperativos.

Lugares e datas

- ◆ En Porto do Son - Do 3 ao 6 de Maio de 2022
- ◆ Teleformación - Do 5 ao 23 de Maio de 2022
- ◆ Teleformación - Do 14 ao 30 de Xuño de 2022
- ◆ Teleformación - Do 13 ao 27 de Xullo de 2022
- ◆ Teleformación - Do 14 ao 30 de Setembro 2022



Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo.

Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Formación para cadros directivos de cooperativas

Formación

Formación para cadros directivos de cooperativas |

Como desenvolver unha axeitada función xerencial nas cooperativas e empresas de economía social. Un curso que mostra dende a práctica as condicións necesarias para a xestión do modelo cooperativo.

Consta de tres módulos formativos:

Módulo 1 | Formación en xestión cooperativa.

Módulo 2 | Habilidades sociais e organización societaria en cooperativas.

Módulo 3 | Plan de mellora e Recursos dispoñibles.



Lugares e datas

Teleformación | Do 12 ao 29 de Xullo 2022.

Destinatarias

Socias, socios, e persoal de cooperativas.

Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes]

Curso: Lánzate a emprender en cooperativa

Formación

Lánzate a emprender en cooperativa | Iniciación ao modelo cooperativo como fórmula de autoemprego colectivo. Dá a coñecer as súas características sociais e económicas, e presenta unha experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.



Lugares e datas

- ◆ En Sada - Do 22 ao 25 de Marzo 2022
- ◆ En Porto do Son - Do 7 ao 10 de Xuño 2022
- ◆ Teleformación - Do 8 ao 25 de Xuño 2022
- ◆ Teleformación - Do 5 ao 20 de Xullo 2022
- ◆ Teleformación - Do 14 ao 30 de Setembro 2022
- ◆ Teleformación - Do 25 de Outubro ao 10 de Novembro 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // FSE. Poises – Cepes // Concello da Coruña]

Curso: Cooperativas de plataforma xa!

Formación

Cooperativas de Plataforma Xa! 4ª Edición | Busca promover a economía dixital cooperativa. Un curso de emprendemento en equipo que fomenta o desenvolvemento de novas plataformas cooperativas dixitais e a creación dunha comunidade global.

1ª parte do Curso | Catro módulos, ten como propósito xerar consciencia sobre o capitalismo de plataforma e dar a coñecer o modelo de cooperativa de traballo asociado.

2ª parte do Curso | Consta de dez módulos, onde baseados na metodoloxía de Mondragon Team Academy vívese unha experiencia de aprendizaxe en equipo, traballando desde un concepto ata desenvolvemento, testeo e presentación.

Cooperativas de Plataformas Dixitais está promovido pola Universidade de Mondragón co Instituto para a Economía Dixital Cooperativa- The New School (Nova York).

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** é entidade colaboradora xunto a Florida Universitaria, Escola Andaluza de Economía Social e Tazebaez, a través dun consorcio apoiado por CEPES (a Confederación empresarial española da economía social).



Lugares e datas

- ◆ Webinars de presentación | 30 de Marzo e 7 de Abril 2022.
- ◆ Teleformación | Do 25 de Abril ao 11 de Xullo 2022.
- ◆ Teleformación | De Outubro e Decembro 2022.

Destinatarias

Grupos de emprendemento; Estudiantes; Docentes; Profesionais da promoción do emprendemento colectivo; Cooperativas; Público e cidadanía en xeral.

Duración

66 horas.

[Poises. FSE – Cepes]

Curso: Contabilidade cooperativa | Nivel Pro - supostos prácticos

Formación

Contabilidade cooperativa – Nivel Pro | Curso para entender que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo. Dá a coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa cooperativa para a toma de decisións. Ademais capacita no emprego das ferramentas contables, e axuda a saber como interpretar os principais estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio na xestión contable.

Lugares e datas

- ◆ Teleformación - Do 16 ao 31 de Maio 2022.
- ◆ Teleformación - Do 7 ao 23 de Xuño 2022.

Destinatarias Socias, socios, e persoal de cooperativas.

Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.



Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - FSE - Cepes]

Curso: Achegándonos ao conflito

Formación

Achegándonos ao conflito | Formación para comprender que o conflito é algo natural que está presente na nosa vida. Dá a coñecer as diferentes fontes das que xurde o conflito, e experimenta os diferentes estilos de afrontalo. Ofrece xeitos construtivos de xestionar as situacións de conflito e aplicalos na xestión de empresas cooperativas e de economía social.



Lugares e datas

- ◆ En Sada - Do 19 ao 22 de Abril 2022.

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - FSE - Cepes]

Formación comercial: coopera, comunica e vende

Formación

Formación comercial: coopera, comunica e vende |

Curso para mellorar a xestión empresarial e as habilidades no ámbito comercial das cooperativas. Dá a coñecer a situación dos procedementos e sistemas de comercialización e divulga de forma práctica ferramentas, competencias e habilidades que permitirán mellorar comercialmente.



Lugares e datas

- ◆ Teleformación - Do 20 de Setembro ao 7 de Outubro 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

20 horas.

[Concello da Coruña]

Curso: Ferramentas de financiamento ético e alternativo

Formación

Ferramentas de financiamento ético e alternativo |

Un curso que aborda a relación entre as finanzas e os proxectos económicos das persoas, as empresas e as colectividades. E ten por obxectivo fomentar a cultura da responsabilidade na xestión das finanzas, analizando as alternativas ao actual sistema financeiro, e sensibilizando sobre a importancia da ética nas finanzas.



Lugares e datas

Teleformación | Do 9 de Marzo ao 1 de Abril 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas e de entidades de economía social.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público xeral.

Duración

40 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - FSE - Cepes]

Curso: Asembleas e reunións

Formación

Asembleas e reunións | Formación coa que adquirir competencias para organizar reunións e asembleas baixo criterios de participación, eficacia, e bo clima grupal. Capacita para mellorar o funcionamento dos equipos de traballo, e presenta recursos útiles neste ámbito.

Lugares e datas

Teleformación | Do 4 de Abril ao 5 de Maio 2022



Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

40 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - FSE - Cepes]

Curso: E se traballamos en equipo?

Formación

E se traballamos en equipo? | Tráballase a mellora das habilidades para o traballo en equipo, co obxectivo de saber como desenvolver habilidades persoais claves no traballo colaborativo.

Dá a coñecer recursos e metodoloxías para aplicalas en contornos e contextos cooperativos.



Lugares e datas

- ◆ En Sada | Do 29 de Marzo ao 1 de Abril 2022
- ◆ En Porto do Son | Do 5 ao 8 de Abril 2022
- ◆ Teleformación | Do 4 ao 20 de Maio 2022
- ◆ Teleformación | Do 14 ao 30 de Xuño 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

20 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - FSE - Cepes]

Curso: Contabilidade cooperativa nivel 0

Formación

Contabilidade cooperativa nivel 0 | Un curso que amosa dende a práctica que é e para que serve a contabilidade nunha cooperativa. Dá a coñecer o proceso contable para a toma de decisións na empresa e capacita no uso de ferramentas contables e de interpretación de estados financeiros.



Lugares e datas

- ◆ Teleformación | Do 15 de Novembro ao 1 de Decembro 2022

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Persoas interesadas no emprendemento cooperativo, e público en xeral.

Duración

20 horas.

[Concello da Coruña]

En Cooperativa

Emprendemento cooperativo en centros de ensino

Formación

En Cooperativa | Programa en colaboración con centros de ensino secundario, formación profesional e bacharelato, interesados en divulgar o modelo cooperativo, no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social -Poises- .

Realízanse accións de sensibilización -Seminarios e Obradoiros- en materia cooperativa para promover coñecementos, aptitudes e habilidades para o emprendemento cooperativo entre o alumnado dos centros.



Lugares de datas

- ◆ Centros de ensino secundario de Galicia | Xaneiro – Decembro 2022

Destinatarias

- ◆ Alumnado interesado no emprendemento cooperativo.
- ◆ Centros de ensino secundario, formación profesional e bacharelato.

Duración

- ◆ Seminario | Sensibilización Cooperativa | 2 horas
- ◆ Obradoiro | En Cooperativa | 9 horas

[En Cooperativa, FSE. Poises – Cepes]

Curso: Réxime económico e fiscal nas cooperativas

Formación

Réxime económico e fiscal nas cooperativas |

Formación para dar a coñecer os conceptos legais, económicos, contables e tributarios relacionados coas cooperativas e as súas particularidades. A través do curso comprenderase o proceso de xestión económica e fiscal no seo das cooperativas de traballo asociado. Tamén analízanse os diferentes feitos contables e fiscais e a súa repercusión, e se dá a coñecer os calendarios fiscais que afectan a unha empresa cooperativa.



Lugares e datas

- ◆ Teleformación | Do 13 ao 30 de Setembro 2022.

Destinatarias

- ◆ Socias, socios, e persoal de cooperativas.
- ◆ Profesionais da xestión empresarial.
- ◆ Docentes.
- ◆ Persoas interesadas nas empresas cooperativas, e público en xeral.

Duración

30 horas.

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia // Poises - Cepes - FSE]

Curso: Sensibilización en igualdad de oportunidades nas cooperativas

Formación

Sensibilización en igualdade de oportunidades nas cooperativas |

Formación para reflexionar sobre a igualdade entre mulleres e homes en diferentes ámbitos, así como no ámbito do movemento cooperativo, realizando un percorrido polas accións dos organismos internacionais para a promoción da igualdade. Dará a coñecer políticas levadas a cabo en España para acadar a igualdade.

Realizará unha aproximación á situación de mulleres e homes en España nos espazos reprodutivo e produtivo. Estudiará as desigualdades que se producen, e tamén tratará a comunicación non sexista, con perspectiva de xénero, extensible á comunicación empresarial. Afondará na visibilización das achegas das mulleres á nosa sociedade, e por último, abordará as causas e formas da violencia de xénero (lexislación e medios para a súa erradicación).

Destinatarias

Persoas socias e asaliaradas de cooperativas e outras empresas da economía social; Persoas pertencentes a grupos promotores de cooperativas; e persoas xestoras ou asesoras de cooperativas.



Duración

20 horas

Lugares de datas

- ◆ Teleformación | Do 13 ao 30 de Setembro 2022

[Rede Eusumo – Xunta de Galicia. Poises - FSE. - Cepes]

Foro Intercomunitario de Investigación Xuvenil (11ª edición)

Divulgación

Foro Intercomunitario de Investigación Xuvenil | Promove a **investigación** entre o alumnado dos centros de ensino de distintas comunidades autónomas. Empregan a aula, o laboratorio, o entorno e os medios materiais axeitados para adquirir competencias básicas e motivar no estudo práctico das ciencias experimentais, humanísticas, ou lingüísticas. E favorece a **divulgación** desta experiencia na comunidade escolar.

Destinatarias

- ◆ Cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social galegos e doutros territorios do estado.
- ◆ Alumnado de cooperativas de ensino e centros de ensino de economía social das distintas comunidades autónomas do estado.

Lugares e datas

- ◆ En Vigo | 24 e 25 de Novembro 2022.

Duración

Dúas xornadas en horario de mañá e tarde.

Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social

[Concello de Santiago de Compostela]

Formación

Divulgación

Intercooperación

Programa de promoción da economía social e cooperativa 2022 en colaboración co Concello de Santiago.

[**Liña 1, Formación**] programa composto por 3 accións formativas.

- ◆ Formación para persoas prescitoras de emprego e emprendemento.
- ◆ Itinerario formativo para persoas con interese no emprendemento colectivo.

[**Liña 2, Fomento cooperativismo de consumo**] realización dunha Xornada sobre cooperativas de consumo.

[**Liña 3, Tecendo Redes**] integrada por dúas accións:

- ◆ Xornada Tecendo Redes | Networking | En Liña
- ◆ Consolidar a Rede | Visitas para crear sinerxias con empresas, organizacións e entidades do concello de Santiago.

[**Liña 4, Divulgación - Roteiros Cooperativos**]

desenvolvemento dunha ruta na que visitar cooperativas coa finalidade de dar a coñecer e identificar cooperativas que están presentes, no día a día da cidadanía ao tempo que promocionar o modelo cooperativo, identificándoo con proxectos viables e activos.

Lugares e datas

- ◆ **Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social** | Formación en liña | 40 h. | Do 13 de Maio ao 14 de Xuño 2022

- ◆ **A cooperativa é para vós?** | Formación en liña e presencial | 20 h. | Do 13 ao 30 de Xuño 2022
- ◆ **As persoas nas cooperativas** | Formación en liña e presencial | 20 h. | Do 4 ao 22 de Xullo 2022
- ◆ **Xornada cooperativismo de consumo** | En Santiago de Compostela | 4 h. | Segunda quincena de Xuño 2022
- ◆ **Xornada Tecendo Redes** | En liña | Segunda quincena de Xuño 2022
- ◆ **Visitas Tecendo Redes** | En Santiago de Compostela | de Abril a Setembro 2022
- ◆ **Roteiros Cooperativos** | En Santiago de Compostela | de Maio a Setembro 2022

Destinatarias

- ◆ Persoal técnico de servizos de fomento do emprego, servizos da administración e entidades públicas.
- ◆ Persoas en desemprego, e grupos de emprendemento cooperativo.
- ◆ Empresas e entidades de economía social, e outras organizacións e servizos do concello de Santiago.
- ◆ Socias e traballadoras de cooperativas do municipio de Santiago, tamén ao persoal directivo e técnico das mesmas con responsabilidades de xestión.
- ◆ Cidadanía e público interesado en xeral.



Promoción do cooperativismo

[Deputación Provincial da Coruña]

Divulgación

Intercooperación

Creación de cooperativas

Programa de promoción do cooperativismo a través do convenio de colaboración 2022 entre a Deputación Provincial da Coruña e EspazoCoop.

[Liña 1, Eventos institucionais de visibilización do cooperativismo] Realización dunha xornada institucional con actividades paralelas e encontros entre o cooperativismo galego, estatal e a Deputación da Coruña.

[Liña 2, Itinerario Emprendemento Cooperativo - sectores con potencial emprendedor] detección de oportunidades, formación e acompañamento, para favorecer o emprendemento colectivo en sectores con potencialidade para o desenvolvemento socioeconómico e comunitario.

[Liña 3, Campaña de comunicación - Promoción do cooperativismo] campaña integral de promoción do cooperativismo na provincia da Coruña.

[Liña 4, Xornadas] xornadas de colaboración entre EspazoCoop e a Deputación da Coruña en materia de axudas ao empendemento cooperativo e á consolidación de empresas cooperativas.

Lugares e datas

- ◆ **Eventos Institucionais** | Xornada Institucional; Consello de Coceta; Encontro Técnico e Networking; e Visitas institucionais e a cooperativas

| En Coruña | Segunda quincena de Novembro 2022

◆ Itinerario Emprendemento Cooperativo:

- Xornada | Emrende en cooperativa | En liña | Xuño 2022

- Formación | Dinamización do emprendemento en cooperativa | En liña | 20 h. | 22 de Novembro ao 15 de Decembro 2022

- Acompañamento | Asesoramento e titorización de pre-cooperativas | Maio – Decembro 2022

◆ Campaña de Comunicación | De Xullo a Novembro de 2022

◆ Xornadas:

- Xornadas Axudas PEL da Deputación da Coruña | En liña | Maio – Decembro 2022

- Xornadas Axudas para o Sector Cultural da Deputación da Coruña | En liña | Maio – Decembro 2022

Destinatarias

- ◆ Persoal técnico de servizos da administración e entidades públicas.
- ◆ Persoas en desemprego.
- ◆ Persoas e grupos de emprendemento cooperativo.
- ◆ Socias e traballadoras de cooperativas do ámbito da Coruña.



Asóciate

Programa de estímulo entre as cooperativas da comunidade para asociarse á Unión de Cooperativas EspazoCoop.

As accións consisten na presentación da Unión, os servizos e actividades que ofrece, así como dar a coñecer as vantaxes e beneficios de sumarse a unha asociación de empresas cooperativas, que actualmente aglutina a máis de 200 cooperativas.

O plan Asóciate ten por obxectivo **promover a entrada na maior rede de cooperativas en Galicia**, incrementando a base social de EspazoCoop coa incorporación de novas socias.

Interésame >> [Fai clic](#)



Lugares e datas

- ◆ A distancia / En liña / Presencial | De Xaneiro a Decembro 2022.

Destinatarias

- ◆ Cooperativas de Galicia.

AXENDA 2022

| Meses |

| Actividades e Servizos |

| XANEIRO | 2022

13 e 14 de Xaneiro Semipresencial - En Santiago de Compostela	Xornadas internas de planificación anual
Xaneiro – Marzo En liña	Campaña casos de emprendemento cooperativo (Cooperativas socias do concello da Coruña, vídeos na rede)
Xaneiro – Decembro Na Coruña	Acompaña [servizo de apoio á creación de cooperativas – servizo de apoio a cooperativas en funcionamento, no Ámbito do concello da Coruña]
Xaneiro – Decembro	+Coop [servizo de apoio ao Emprendemento cooperativo]

| FEBREIRO | 2022

7 Febreiro – 21 Febreiro En liña	ODS: da Estratexia ao Impacto (Programa especializado de formación xerencial)
18 Febreiro En liña	Webinar Depósito de Contas e Cooperativas - Cambios no artigo 73 da Lei de Cooperativas de Galicia
25 Febreiro – 11 Marzo	Programa Creando Mellora (Convocatoria aberta para cooperativas – Programa de consolidación)
Febreiro En liña – Presencial Centros de Ensino Secundario de Galicia	En Cooperativa (Programa de divulgación do cooperativismo en Centros de Ensino Secundario, FP e Bacharelato)

| MARZO | 2022

9 Marzo - 1 Abril Formación En liña	Ferramentas de financiamento ético e alternativo
22 Marzo – 25 Marzo Formación en Sada	Lánzate a emprender en cooperativa
29 Marzo - 1 Abril Formación en Sada	E se traballamos en equipo?

17 Marzo - 28 Marzo	Programa Creando Mellora (Convocatoria aberta para persoas desempregadas candidatas a bolsas en prácticas en cooperativas – Programa de consolidación de cooperativas)
Marzo En liña – Presencial Centros de Ensino Secundario de Galicia	En Cooperativa (Programa de divulgación do cooperativismo en Centros de Ensino Secundario, FP e Bacharelato)
23 Marzo - 7 Abril En liña	Transformación dixital. Unha proposta práctica para acceder a fondos de financiamento (Programa especializado de formación xerencial)
29 Marzo – 13 Abril	Sáímos Cooperando - mentoring para empresas cooperativas (Convocatoria aberta para cooperativas)
30 Marzo En liña	Webinar presentación curso “Cooperativas de Plataforma Xa!”

| ABRIL | 2022

1 Abril – 17 Abril Semipresencial – En Santiago de Compostela	Formación de titoras xerenciais (Programa Creando Mellora)
4 Abril – 5 Maio Formación en liña	Asembleas e xuntanzas
5 Abril – 8 Abril Formación en Porto do Son	E se traballamos en equipo?
6 Abril En liña	[Encontro nº 1 – Sáímos Cooperando] Presentación do programa Sáímos Cooperando
7 Abril En liña	Webinar presentación curso “Cooperativas de Plataforma Xa!”
Abril – Setembro En liña - Presencial	Sáímos Cooperando - mentoring para empresas cooperativas
19 Abril – 22 Abril Formación en Sada	Achegándonos ao conflito
25 Abril - 11 Xullo En liña	4ª edición Curso: Cooperativas de Plataforma Xa!
25 Abril – 6 Maio	Aceleradora #ImpulsoCooperativo (Convocatoria aberta para cooperativas – Programa de impulso para cooperativas novas)
27 – 28 Abril En Vigo	Feira de Emprego da Universidade de Vigo

Abril – Setembro En Santiago de Compostela	Visitas Tecendo Redes [Ámbito de Santiago de Compostela]
Abril – Xuño	Campaña Asíciate

| MAIO | 2022

2 Maio – 25 Maio Formación en liña	Comunicación dixital integral para empresas de economía social (Programa especializado de formación xerencial)
3 Maio – 6 Maio Formación en Porto do Son	Ideas cooperativas en acción
4 Maio – 20 Maio Formación en liña	E se traballamos en equipo?
5 Maio – 23 Maio Formación en liña	Ideas cooperativas en acción
5 Maio En liña	[Encontro nº 2 – Saímos Cooperando] Financiamento ético e solidario
7 de Maio En Portonovo	Programa Intercooperación, Encontro Sector Ensino
12 Maio En liña	Programa Intercooperación, Encontro Sector Asesorías e Consultorías
13 Maio – 14 Xuño Formación en liña	Impulsando un sistema emprendedor no cooperativismo [Ámbito de Santiago de Compostela]
16 Maio - 31 Maio Formación en liña	Contabilidade cooperativa nivel pro
Maio -Setembro En liña	Aceleradora #ImpulsoCooperativo (Programa de aceleración e impulso para cooperativas novas)
20 Maio En liña	Encontro I - Aceleradora #ImpulsoCooperativo (Programa de aceleración e impulso para cooperativas novas)
23 Maio – 30 Xuño En liña	Ecosistemas. Intercooperación como estratexia de fortalecemento, crecemento e consolidación. (Programa especializado de formación xerencial)
Maio En liña	Programa Intercooperación, Encontro Sector Cultura
25 Maio En liña	Programa Intercooperación, Encontro Sector Consumo
Maio -Setembro En Santiago de Compostela	Roteiros cooperativos [Ámbito de Santiago de Compostela]

Maio – Decembro Na provincia da Coruña	Itinerario Emprendemento Cooperativo [Asesoramento e acompañamento no ámbito da provincia da Coruña]
--	---

| XUÑO | 2022

3 Xuño En Santiago de Compostela	ASEMBLEA de cooperativas socias Informe da xestión anual 2021 - Plan de traballo 2022
Xuño En liña	Xornada Emprendemento Cooperativo [Itinerario Emprendemento Cooperativo, en sectores con potencial, no ámbito da provincia da Coruña]
7 Xuño - 10 Xuño Formación en Porto do Son	Lánzate a emprender en cooperativa
7 Xuño – 23 Xuño Formación en liña	Contabilidade cooperativa nivel pro
8 Xuño – 25 Xuño Formación en liña	Lánzate a emprender en cooperativa
9 Xuño En liña	[Encontro nº 3 – Saímos Cooperando] Planeamento estratéxico e operativo para a consolidación.
13 Xuño – 30 Xuño Formación en liña e en Santiago de Compostela	A cooperativa é para nós? [Ámbito de Santiago de Compostela]
14 Xuño – 30 Xuño Formación en liña	E se traballamos en equipo?
14 Xuño – 30 Xuño Formación en liña	Ideas cooperativas en acción
Segunda quincena Xuño Santiago de Compostela	Xornada Cooperativismo de consumo [Ámbito de Santiago de Compostela]
Segunda quincena Xuño Santiago de Compostela	Xornada Tecendo redes [Ámbito de Santiago de Compostela]
16 Xuño En liña	Encontro - Programa Intercooperación Sector Tic

| XULLO | 2022

Xullo – Novembro Provincia da Coruña	Campaña promoción cooperativismo
Xullo – Setembro	Vídeo-s Boas prácticas de Intercooperación Programa Intercooperación

5 Xullo – 20 Xullo Formación en liña	Lánzate a emprender en cooperativa
4 Xullo – 22 Xullo Formación en liña	As persoas nas cooperativas [Ámbito de Santiago de Compostela]
8 Xullo En liña	[Encontro nº 4 – Saímos Cooperando] Ferramentas telemáticas para a mellora do planeamento.
12 Xullo – 29 Xullo En liña	Formación para cadros directivos de cooperativas
13 Xullo – 27 Xullo En liña	Ideas cooperativas en acción
15 Xullo En liña	Encontro de proxectos - Programa Intercooperación
22 Xullo En liña	Encontro de proxectos - Programa Intercooperación

| AGOSTO | 2022

--	--

| SETEMBRO | 2022

13 Setembro – 30 Setembro Formación en liña	Réxime económico e fiscal nas cooperativas
13 Setembro – 30 Setembro Formación en liña	Sensibilización en igualdade de oportunidades nas cooperativas
14 Setembro – 30 Setembro Formación en liña	Ideas cooperativas en acción
15 Setembro – 30 Setembro Formación en liña	Lánzate a emprender en cooperativa [Ámbito do concello da Coruña]
16 Setembro En liña	[Encontro nº 5 - Saímos Cooperando] Boas prácticas do proceso de titoría e avaliación do Programa.
20 Setembro En liña	Encontro II - Aceleradora #ImpulsoCooperativo (Programa de aceleración e impulso para cooperativas novas)
20 Setembro – 7 Outubro Formación en liña	Formación comercial: coopera, comunica e vende [Ámbito do concello da Coruña]
Setembro - Decembro En liña	5ª edición Curso: Cooperativas de Plataforma Xa!

| OUTUBRO | 2022

Outubro En Centros de Ensino Secundario En liña - Presencial	En Cooperativa (Programa de divulgación do cooperativismo en Centros de Ensino Secundario, FP e Bacharelato)
21 – 22 Outubro En Soutomaior	Feira Científica Intercooperativa (Iniciativa vinculada á Sectorial de Cooperativas Ensino)
25 Outubro – 10 Novembro Formación en liña	Lánzate a emprender en cooperativa [Ámbito do concello da Coruña]

| NOVEMBRO | 2022

Novembro Presencial	ASEMBLEA de cooperativas socias Planificación 2023
Novembro En liña – Presencial, en Centros de Ensino Coruña	Seminarios difusión cooperativa [Ámbito centros de ensino concello da Coruña]
15 Novembro – 1 Decembro Formación en liña	Contabilidade cooperativa nivel 0 [Ámbito do concello da Coruña]
Segunda quincena Novembro En A Coruña	EVENTO institucional, visibilización do cooperativismo Xornadas institucionais
22 Novembro – 15 Decembro Formación en liña	Dinamización emprendemento cooperativo [Ámbito da provincia da Coruña]
24 – 25 Novembro En Vigo	Foro Intercomunitario de Investigación Xuvenil (Iniciativa vinculada á Sectorial de Cooperativas Ensino)

| DECEMBRO | 2022

--	--

| Anualmente |

| Servizos |

Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Crecer como cooperativa orientación e acompañamento [#SaímosCooperando – +Coop – Aceleradora - Asesoramento en concellos colaboradores – Consolida a túa Cooperativa]
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Servizos a socias - Servizo de apoio na xestión (temas fiscais, societarios, e outros). - Instrumentos financeiros. - Apoio en axudas específicas ás cooperativas. - Formación – Acompañamento – Plans de mellora - Servizo xurídico en materia educativa (para cooperativas de ensino). - Representación, interlocución do sector cooperativo, e incidencia política. - Promoción cooperativa e comunicación. - Información e recursos de interese. - Participación na Unión de Cooperativas.
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Creación de novas cooperativas orientación e acompañamento [+Coop – Emprender en Cooperativa: apoio ao emprendemento cooperativo en Galicia – Asesoramento en concellos colaboradores – Dinamización do cooperativismo en sectores potenciais – Plans Estratéxicos para impulso de cooperativas]
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	ASÓCIATE [Estimulo da entrada de cooperativas na maior rede de cooperativas en Galicia -na Unión de Cooperativas EspazoCoop-]
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Convenios e alianzas con entidades [Para promover o emprego cooperativo e o cooperativismo en xeral. Ademais doutros convenios con condicións vantaxosas para socias (seguros, finanzas, material tecnolóxico...)]
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Intercooperación
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Sensibilización cooperativa [obradoiros e talleres de Divulgación do Cooperativismo]
Xaneiro – Decembro 2022 Galicia	Canles comunicativas Redes sociais, web, boletín www.espazo.coop

Colaboradores

A Rede Eusumo . Unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno de España.



Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) - Fondo Social Europeo, convocado por Cepes



Programa Impulsando un Ecosistema Emprendedor na Economía Social – Concello de Santiago de Compostela



Concello da Coruña



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Deputación Provincial da Coruña



Este Catálogo e a súa Axenda foi pechada en Marzo de 2022. Ten un carácter vivo e contará cunha actualización continua.

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

www.espazo.coop | info@espazo.coop

A Coruña

Travesía de San José 10, Ent.A.
15002 A Coruña
+ 34 881 88 74 56

Santiago de Compostela

Hórreo 104, baixo, esquerda
15701 Santiago de Compostela
+ 34 981 57 55 78

Vigo

Taboada Leal 15, entreplanta
36203 Vigo
+ 34 986 86 61 49

